

## Criterios de calidade das teses de doutoramento

Este documento fixa criterios de calidade para as teses adscritas á EDI en Ciencias da saúde. Serán criterios a ter en conta polas Comisións Académicas dos programas (CAPD) adscritos á Escola na autorización de inicio de trámite das teses de doutoramento. A comisión académica da EDI (CAEDI) terá tamén en conta estes criterios na admisión a trámite das teses. Cando unha CAPD detecte unha tese que a seu xuízo non cumpra os criterios descritos neste documento, fará un requerimento ao doutorando/a para que aclare a adecuación da tese e/ou a axuste. En caso de que a diferenza persista, a CAPD poderá non emitir informe favorable ao inicio da tramitación, ou pasar o caso á CAEDI, que tamén poderá actuar de forma independente da CAPD en caso de que considere que unha tese non cumple este requisito no momento de admisión a trámite da tese. A CAEDI poderá pedir a opinión dun avaliador externo experto na área.

En principio, toda tese deberá cumplir ao menos os seguintes criterios:

- O traballo presentado debe ser de investigación e novedoso, e as conclusións deben reflectir ese traballo de investigación.
- As conclusións deben estar xustificadas polos resultados obtidos.
- O doutorando/a debe ter adquirido as competencias propias da etapa de doutoramento.
- A tese debe reflectir o traballo do doutorando/a, deixando claro que parte foi feita por el/a e cal non.
- A carga de traballo que reflicte debe ser acorde co que se espera dunha tese de doutoramento.

### **1. O traballo presentado debe ser de investigación e novedoso, e as conclusións deben reflectir ese traballo de investigación.**

O traballo e as súas conclusións deben ser de investigación, e non sobre aspectos de xestión ou de docencia, a non ser que se deriven de información novedosa derivada da propia tese. Polo tanto, as conclusións deben ser novedosas.

O que neste momento non se inclúa nestes criterios é a valoración do grao de novidade nin a relevancia dos resultados. Isto é competencia das CAPD, que poderán fixar requisitos de calidade específicos para cada programa de doutoramento.

### **2. As conclusións deben estar xustificadas polos resultados obtidos.**

Este criterio trata de evitar teses nas que os estudos ou análises realizados ou son incorrectos ou están mal interpretados, e se chega a conclusións que realmente non se corresponden cos estudos que se teñen feito. As razóns polas que poida haber unha discrepancia entre resultados e conclusións son moi variadas, pero poden apuntarse algunas:

- Estudos mal expostos, que non teñen en conta todas as variables que poden influír nos resultados, ou que desde o principio non teñen a suficiente potencia estatística para testar a hipótese exposta.
- Estudos mal executados.
- Estudos mal analizados, tanto desde o punto de vista experimental como sobre todo estatístico.
- Teses con conclusións que sobre interpretan os estudos realizados.

### **3. O doutorando/a debe ter adquirido as competencias propias da etapa de doutoramento.**

Estas competencias son, segundo o RD99/2011:

- a) *Comprensión sistemática de un campo de estudio y dominio de las habilidades y métodos de investigación relacionados con dicho campo.*
- b) *Capacidad de concebir, diseñar o crear, poner en práctica y adoptar un proceso sustancial de investigación o creación.*
- c) *Capacidad para contribuir a la ampliación de las fronteras del conocimiento a través de una investigación original.*
- d) *Capacidad de realizar un análisis crítico y de evaluación y síntesis de ideas nuevas y complejas.*
- e) *Capacidad de comunicación con la comunidad académica y científica y con la sociedad en general acerca de sus ámbitos de conocimiento en los modos e idiomas de uso habitual en su comunidad científica internacional.*
- f) *Capacidad de fomentar, en contextos académicos y profesionales, el avance científico, tecnológico, social, artístico o cultural dentro de una sociedad basada en el conocimiento.*

A redacción do documento, a análise que nel se faga dos estudos previos realizados no campo e dos estudos propios da tese, e a capacidade de comunicar os propios estudos describíndoos e interpretándoos adecuadamente, todo iso debería reflectir que as competencias pertinentes se teñen adquirido.

### **4. A tese debe reflectir o traballo do doutorando/a, deixando claro que parte foi feita por el/a e cal non.**

Calquera tese debe especificar que partes foron feitas por colaboradores ou por servizos centrais de investigación e cales non.

No caso de teses por compendio de artigos, especificarase cal foi a contribución d o doutorando/a a cada un dos artigos da maneira máis detallada posible, en caso de que non figure explicitamente no artigo.

### **5. A carga de traballo debe ser acorde co que se espera dunha tese de doutoramento.**

Segundo o Regulamento de estudos de doutoramento da USC (art. 25):

*A duración mínima dos estudos de doutoramento será; a tempo completo, de 18 meses; a tempo parcial, de 30 meses; e no caso de concorrenza de períodos tanto a tempo completo e a tempo parcial, o que corresponda segundo o indicado para o cálculo total do cómputo do tempo.*

Se un ano de traballo a tempo completo supón 1600 horas, o tempo mínimo de traballo para unha tese de doutoramento é dunhas 2400 horas. O máximo serían 4800 horas, ou 8000 horas con prórrogas. Polo tanto, as teses deben reflectir un traballo de polo menos 1600 horas.

Hai moitas razóns polas que unha tese pode non reflectir o tempo empregado nela. As técnicas utilizadas poden ser moi más intensivas do que parece a simple vista, ou poden ter necesitado unha posta a punto moi laboriosa que non se ten incluído na tese. Tamén é posible que unha grande parte do traballo se teña empregado en estudos sen resultados concluíntes ou

simplemente negativos que non se teñan incluído na versión publicada da tese. Nestes casos deberíase incluir o traballo oculto ou ben na tese ou ben nun anexo, que podería ser incluso informático, e dessa forma visibilizar o traballo que moitas veces queda oculto.

En moitas liñas de investigación as teses empezan a partir de traballo feito previamente. Este traballo non se terá en conta para o cómputo total de traballo realizado na tese, especialmente se xa ten sido empregado noutras teses ou en publicacións científicas.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2018



Juan B. Zalvide Torrente

B. Zalvide